



Bases reguladoras da convocatoria da selección para o posto de Coordinador/a da Unidade Territorial Norte de Xestión do Solo de Galicia, Xestur SA"

1. Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto a contratación de **Coordinador/a da Unidade Territorial Norte (Provincias A Coruña e Lugo)** de Xestión do Solo de Galicia, Xestur SA (en adiante Xestur Galicia).

2. Vínculo.

O vínculo da persoa seleccionada formalizarase mediante contrato laboral de alta dirección ao abeiro do previsto no Real decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección, e no artigo 17 do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O Coordinador/a da Unidade Territorial Norte estará suxeito/a ao réxime de incompatibilidades recollido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de acordo co establecido na devandita lei, entre outros:

. Non poderá compatibilizar a súa actividade pública co desenvolvemento, por si mesmo ou mediante substitución de persoa interposta, de calquera outro posto, profesión ou actividade, públicos ou privados, por conta propia ou allea.

.Durante os dous anos seguintes á data do seu cesamento, non poderá realizar actividades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales tivese ditado resolución no exercicio do cargo nin asinar contratos de asistencia técnica, de servizos ou similares coas administracións públicas. A retribución comprende a compensación económica por pacto de permanencia e non competencia postcontractual.

O posto convocado clasifícase como grupo III nivel II de acordo co Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico e a Orde do 19 de xuño de 2014 pola que se establece a clasificación inicial das entidades incluídas no ámbito de aplicación do Decreto 119/2012, do 3 de maio.

3. Funcións do/a Coordinador/a da Unidade Territorial Norte de Xestur Galicia.

Son funcións propias do/da Coordinador/a da Unidade Territorial Norte as que se recollen nos estatutos de Xestur Galicia. Destacar sen carácter exhaustivo, as seguintes:

Coordinación de equipos de traballo e de persoal da Unidade Territorial.

Impulsar a execución dos acordos do Consello de Administración de Xestur Galicia na Unidade Territorial Norte.

Seguimento de todos os asuntos da Sociedade na Unidade Territorial, para dar conta á xerencia e os órganos de goberno da sociedade, se fora requerido para elo.

Desenvolver todas as demais funcións que se lle sexan encomendadas especificamente pola Presidencia e Xerencia de Xestur Galicia.



4. Requisitos dos/as aspirantes.

Os/as aspirantes deben reunir os requisitos seguintes:

a) Ter nacionalidade española, ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de idade dependentes. Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España.

b) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas incompatibles co desempeño das correspondentes funcións.

c) Ter cumpridos os dezaseis anos.

d) Non ter sido separado/a do servizo de calquera Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin estar inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de función públicas. Os/as aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

e) Non atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían, no caso de persoal laboral, no que fose separado/a ou inhabilitado/a.

f) Estar en posesión de título de Licenciado, Arquitecto, Enxeñeiro, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico, ou grao.

g) Acreditación do coñecemento de lingua galega. A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase coa presentación do certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 4), ou da súa validación, do curso de perfeccionamento en lingua galega ou a súa validación, feita polo órgano competente, o título de licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa, ou certificado do nivel avanzado da Escola Oficial de Idiomas ou certificado de ter o curso de especialización en lingua galega.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes como no de toma de posesión ou formalización do contrato.

5. Solicitudes e prazo de presentación.

O prazo para a presentación de solicitudes rematará transcorridos 15 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia. As proposicións presentaranse no Rexistro de Xestur Galicia (Local 25 Z, 1º andar Area Central CC Polígono de Fontiñas 15707 - Santiago de Compostela), ou nas oficinas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común. Neste caso deberá remitirse por fax ao seguinte número: 981 541985, e antes



da finalización do prazo de presentación de solicitudes, a solicitude rexistrada e a relación individualizada dos méritos que se aleguen

A estes efectos a hora de peche do Rexistro será as 14:00 horas. Se coincidira en sábado, domingo ou festivo prorrogarase ata o día hábil seguinte.

A solicitude deberá reunir todos os datos de identificación requiridos.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras e, ao abeiro do establecido no artigo 28 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, implicará a autorización á Xestión do Solo de Galicia- Xestur, S.A. para comprobar os datos de carácter persoal que figuren no documento DNI/NIE da persoa que teña a condición de interesada, por medio do acceso telemático ao servizo horizontal de acceso ao sistema de verificación de datos de identidade e de residencia do Ministerio de Administracións Públicas. Non obstante, o/a solicitante poderá denegar expresamente o consentimento; daquela, deberá presentar, xunto coa solicitude, unha copia cotexada do documento de identidade en vigor.

Na solicitude os/as aspirantes deberán presentar declaración responsable de que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos; orixinal ou copia cotexada do título universitario esixido ou certificación académica que acredite ter realizados os estudos para a obtención do título ou, de selo caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do título académico.

Coa solicitude tamén deberá relacionar de xeito individualizado cada un dos méritos que aleguen e acompañar a documentación acreditativa dos mesmos para a súa valoración, ben orixinal ou ben fotocopia cotexada.

Así mesmo, coa solicitude terá que achegarse o currículo vitae do solicitante e un Plan (recollido no punto 8 destas bases) en soporte papel e en formato electrónico.

O domicilio que figure nas instancias considerarase como o único válido aos efectos das notificacións, sendo de responsabilidade do aspirante tanto os erros na súa consignación como a comunicación de calquera cambio.

Xestur Galicia, en cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, custodiará e tratará a documentación recibida de maneira confidencial e unicamente co obxecto de valorar as candidaturas presentadas, non almacenándose por ningunha vía, ficheiro ou medio, nin sendo cedida, en todo ou en parte a terceiras persoas ou entidades.

6. Admisión de aspirantes.

Tras a finalización do prazo de presentación das solicitudes de participación, o tribunal de selección tomará o acordo polo cal se aproben as listas provisionais de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión.

A lista publicarase na páxina web de Xestur Galicia (<http://www.xesturgalicia.com>) e as persoas interesadas disporán dun prazo de dous días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación na páxina web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Unha vez resoltas as reclamacións, tomarase o acordo polo que se aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Este acordo farase público na páxina web de Xestur Galicia (<http://www.xesturgalicia.com>)



Todas as publicacións referidas a esta convocatoria faranse ademais no taboleiro de anuncios de Xestur Galicia.

7. Tribunal de selección.

O Tribunal de selección será nomeado polo Consello de Administración. O Tribunal, no seu funcionamento e actuación, axustarase ás instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

O tribunal terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Para os efectos do previsto no dito decreto, entenderase que a designación do tribunal implicará a autorización da orde de servizo para que os seus membros poidan desprazarse ao lugar acordado para cada unha das sesións convocadas dentro do número máximo autorizado.

A Dirección Xeral da Función Pública determinará o número máximo de sesións autorizado ao tribunal e poderá amplialo baseándose en causas xustificadas.

8. Procedemento selectivo.

O tribunal seleccionará os/as aspirantes, conforme a estas bases entre todas aquelas persoas que acrediten cumprir os requisitos esixidos, conforme o seguinte proceso de selección, que constará de dúas fases:

8.1.1ª fase: baremación de méritos alegados e valoración dun plan de actuación de Xestur Galicia.

A puntuación máxima é de 90 puntos conforme a seguinte distribución:

1.1 Méritos cunha puntuación máxima de 60 puntos.

A valoración dos méritos desenvolverase conforme a seguinte distribución.

COORDINACIÓN NORTE

1.1.1. Formación, puntuación máxima de 20 puntos.

Por formación valoraranse os cursos, másters, posgraos, ou certificados acreditativos todos eles impartidos por centros oficiais de titularidade pública ou privada homologados, ata un máximo de 20 puntos:

– Ata 10 puntos por (0,15 puntos/hora) por cursos de máis de 25 horas en materias directamente relacionadas co sector da edificación, enxeñería e xestión de proxectos.

Ata 5 puntos (0,15 puntos/hora) por outros cursos acreditativos de coñecementos nos ámbitos do sector da co sector da edificación, enxeñería e xestión de proxectos.

-Ata 5 puntos. Dominio de lingua inglesa, que habilite ao coordinador/a para as relacións comerciais cos distintos operadores internacionais que estudan a súa implantación nas grandes plataformas loxísticas de Lugo e A Coruña.

Polo certificado oficial que acredite o nivel de coñecemento da lingua inglesa que se indica , expedido por centros oficiais de titularidade pública ou privada homologados, segundo a clasificación do Marco común europeo de referencia para as Linguas (MCER):

Nível equivalente ao nivel B1; 2,5 puntos



Nivel equivalente ao nivel B2; 5 puntos

1.1.2. Experiencia. Corresponde a esta parte a puntuación máxima de 40 puntos.

–Experiencia laboral na dirección e coordinación de equipos no ámbito do sector da edificación, enxeñería e xestión de proxectos, con representación efectiva de entidades ou empresas. (3 puntos por ano cun máximo de 30 puntos)

–Experiencia laboral no ámbito do sector da edificación, enxeñería e xestión de proxectos (1,5 puntos por ano ata un máximo de 10).

1.2. Plan de actuación da Unidade Territorial Norte de Xestur Galicia cunha puntuación máxima de 30 puntos.

As persoas aspirantes deberán presentar un plan de actuación en que se recolla a estratexia que desenvolverá a Unidade Territorial Norte de Xestur Galicia a medio prazo. Este plan deberá conter os fins, liñas de actuación, programas e obxectivos que se propoña conseguir ou desenvolver tendo en conta o obxecto social de Xestur Galicia e a súa especificidade de ser medio propio do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

A efectos da súa elaboración terase en conta a información que da sociedade consta na súa web, con especial tratamento da información comercial e do apartado transparencia (estatutos, órganos de goberno, contas anuais, recursos humanos, etc).

O plan non poderá superar os 30 folios de extensión, a dobre espazo por unha soa cara, letra Arial, tamaño 11. O plan valorarase conforme os seguintes criterios:

- Pertinencia, entendida como a adecuación dos obxectivos do plan proposto á estratexia e prioridades da Unidade Territorial Norte de Xestur Galicia
- Viabilidade, e eficiencia entendida como unha axeitada identificación e tratamento das condicións económicas, materiais, técnicas e humanas necesarias para afrontar as tarefas e conseguir os obxectivos que se propoñen no plan proposto.
- Coñecemento do contexto económico, social, institucional e empresarial de Galicia.
- Impacto, valoración e toma en consideración dos efectos directos e indirectos, derivados da posta en marcha do plan proposto.

Para proceder á valoración do plan de actuación (número 1.2), o/a candidato/a deberá obter cando menos 10 puntos na parte de méritos (1.1)

O tribunal de selección disporá da facultade de non convocar á entrevista-defensa do plan de actuación (2ª fase) aqueles/as candidatos/as que dispoñan dunha puntuación cuxo valor numérico imposibilite matematicamente ser seleccionado/a en relación co resto de candidatos/as.

A relación provisional coas puntuacións obtidas polos/as aspirantes publicarase na páxina web de Xestur Galicia, e as persoas interesadas disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación na páxina web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Unha vez resoltas as reclamacións, o tribunal tomará o acordo mediante o que se aproba a lista coas puntuacións definitivas da 1ª fase.

Este acordo farase público na páxina web de Xestur Galicia.



Os/as candidatos/as que superen a 1ª fase do procedemento selectivo serán convocados nun prazo máximo de tres (3) días hábiles desde a publicación da lista coas baremacións definitivas para a entrevista-defensa dos plans de actuacións.

8.2 2ª fase: entrevista e defensa do plan de actuación da Unidade Territorial Norte de Xestur Galicia.

O Tribunal manterá una entrevista con cada candidato, na que constataranse os elementos curriculares do aspirante que se deduzan da documentación aportada polo mesmo e do plan de actuación, así como os seus coñecementos sobre os aspectos relacionados coa enxeñería, e consultoría de infraestruturas, a ordenación territorial, observatorios como ferramenta de análise e obtención de datos, valorándose a adecuación do seu perfil profesional ao posto de traballo que se oferta, así como cantas outras cuestións que estime adecuadas a súa idoneidade como candidato, tales como as habilidades de comunicación, dirección, coordinación e negociación.

A puntuación máxima correspondente a esta fase é de 10 puntos. A data e o lugar establecidos para a entrevista-defensa dos plans de actuacións serán publicados na web de Xestur Galicia con corenta e oito horas, polo menos, de anticipación á sinalada para o seu inicio.

Os/as candidatos/as deberán presentarse á proba provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade. Deberán presentar nun tempo máximo de 20 minutos o seu plan, e responder todas aquelas preguntas e cuestións que permitan valorar a idoneidade do candidato para o posto e o seu plan de actuación, sen que o tempo de resposta compute para os efectos da duración prevista neste punto.

9. Cualificación e lista de persoas seleccionadas.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada unha das fases. En caso de empate na puntuación total, dirimirase a favor da persoa que obteña maior puntuación nas distintas fases do procedemento selectivo e pola orde establecida nel (1ª baremación de méritos e valoración do plan de actuación; 2ª entrevista-defensa do plan de actuación).

De persistir o empate, resolverase a favor do/da aspirante que obtivese a maior puntuación na parte de experiencia laboral. Se aínda así persiste o empate, resolverase por sorteo.

Unha vez finalizado o proceso de selección, o tribunal publicará na páxina web de Xestur Galicia as puntuacións obtidas polos aspirantes con indicación do/da candidato/a seleccionado/a. Establécese un prazo de tres (3) días desde a publicación para presentar alegacións. A estimación ou desestimación entenderase implícita no acordo definitivo.

O tribunal elevará ao Consello de Administración de Xestur Galicia a proposta a favor do aspirante que obteña a maior puntuación.

O nomeamento corresponde ao Consello de Administración de Xestur Galicia por proposta motivada do Tribunal de Selección. A resolución do proceso selectivo publicarase no Diario Oficial de Galicia.

De non se presentar solicitudes, de non cumprir ningunha das rexistradas os requisitos exixidos ou de ser considerado que ningún dos/as candidatos/as resulta idóneo para o posto, a convocatoria será declarada deserta mediante Acordo do Consello de Administración de Xestur Galicia que se publicará no Diario Oficial de Galicia.



10. Forma de acreditación e valoración dos méritos.

A formación acreditarase mediante a presentación de fotocopia cotexada dos títulos ou certificados correspondentes á especialización, doutoramento, master ou posgrao nos ámbitos establecidos así como ás actividades formativas.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do informe de vida laboral ou certificado de aboamento de cotas ao réxime de autónomos ou mutualidade profesional se se alegan servizos profesionais por conta propia, contratos de traballo por conta allea ou propia, ou acta de toma de posesión de cargos públicos ou funcionario público, se é o caso. Ademais, o/a aspirante deberá anexar un certificado de tarefas así como calquera outro documento que permita acreditar o cumprimento dos méritos asociados á experiencia laboral.

O tribunal non valorará aqueles méritos das persoas aspirantes que non estean acreditados, nin aqueles posteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

11.- Formalización do contrato

Unha vez nomeado polo Consello de Administración de Xestur Galicia o aspirante seleccionado, a incorporación ao posto de traballo efectuarase dentro dos 15 días naturais seguintes ao requirimento formal por parte da sociedade.

O réxime xurídico do posto de traballo obxecto do proceso de selección será o de laboral de alta dirección coas características, natureza e alcance expresados no apartado 2 destas bases.